



Contrato de servizos Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON13I1VQ	<i>Expediente</i> CON/20/2019	<i>Data Creación:</i> 05-11-19 09:14

ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de tarefas de comunicación do proxecto europeo TROPA VERDE 2ª Fase. Cofinanciado polo fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) no marco do programa URBACT III (2014-2020).

TIPO DE LICITACIÓN: 8.181,82 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto simplificado.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 5 de novembro de 2019, ás 8.45 horas.

ASISTENTES:

Presidenta: Marta Abal Rodríguez.

Vogais: Berta Rosón López, en representación da Intervención Xeral.
Iñaki Bilbao Castro, letrado da Asesoría Xurídica.

Secretario: Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	CIF	NOME DO LICITADOR
1	30/10/2019	B70408869	ÁRTABRA COMUNICACIÓN SL
2	31/10/2019	B70232012	ATLANTIC PONTE 2000 S.L.U.

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que ambos a aportan correctamente cumprimentada.

A continuación lévase a cabo a apertura pública dos arquivos electrónicos que conteñen a oferta económica dos licitadores, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVE excluído)
1	ÁRTABRA COMUNICACIÓN SL	6.989
2	ATLANTIC PONTE 2000 S.L.U.	4.990

En consecuencia, esta mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda, persoal, contratación e modernización da administración local o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ao licitador ATLANTIC PONTE 2000 S.L.U., que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 4.990 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de sete días hábiles a contar desde o día seguinte ao da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e



Contrato de servizos
Procedemento aberto simplificado
Tramitación ordinaria

<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Data Creación:</i>
CON13I1VQ	CON/20/2019	05-11-19 09:14

económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ao aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA